

Gelman, 'Escritor galego universal'


► A AELG distingue co seu galardón ao escritor arxentino, Premio Cervantes en 2007

PONTEVEDRA. O escritor arxentino Juan Gelman foi galardoado co premio 'Escritor galego universal', concedido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

A distinción entregaráselle no transcurso da 'Cea das letras', no mes de maio de 2010, un dos actos máis importantes da AELG, xunto co fallo dos seus premios anuais.

Poeta, xornalista e tradutor, Juan Gelman naceu en Bos Aires en 1930. «O escritor ten demostrado ao longo da súa vida ser un mestre dese 'oficio ardente' que para el é a poesía, un xénero que combina coa súa actitude cívica e a súa constante denuncia das violacións dos dereitos humanos», explican dende a AELG. «Gelman é o poeta arxentino máis premiado da súa xeración, a dos anos 60-70, merecendo galardóns como o Nacional de Poesía arxentino, o de Literatura Latinoamericana e do Caribe Juan Rulfo, o Iberoamericano de Poesía Pablo Neruda, o Reina Sofía de Poesía Iberoamericana e o Premio Cervantes 2007».

Fillo de inmigrantes rusos, Gelman iniciouse na poesía sendo neno, orientado polo seu irmán Boris, que o converteu nun lector



O poeta arxentino Juan Gelman, o pasado mes de novembro en Madrid. ZIPI JEFE

compulsivo. Abandonou a carreira de Química para adicarse por completo á literatura.

Saliu da Arxentina en 1976 durante a dictadura militar e viviu

no exilio en México, onde fixou a súa residencia de forma definitiva. Da súa obra poética poderían destacarse 'Violín y otras cuestiones' (1956), 'Los poemas

de Sidney West' (1969), 'Fábulas' (1970), 'Salarios del impío' (1993), 'Sombra de vuelta y de ida' (1997) e 'Salarios del impío y otros poemas' (1998).